

www.fiot.gal



**FIOT Fónico**

Teatro sonoro e Carballo no teu mobil.

# A lúa, válvula de spray

COPRODUCCIÓN DE FIOT E LIDISS

ESTREA ABSOLUTA NO FIOT EN PAUSA (OUTUBRO 2020)



## FIOT Fónico

As rúas de Carballo convértense no escenario do FIOT Fónico, o novo proxecto do Festival Internacional Outono de Teatro, no que experimentamos con novas linguaxes teatrais e procuramos introducir á cidade no teatro a través das novas tecnoloxías.

Imaxinas percorrer Carballo á vez que gozas dunha obra de teatro agochada no teu peto?

Presentámosche a función sonora *A lúa, válvula de spray*, unha dramaturxia de Rosalía Fernández Rial. Dirixido por Quico Cadaval, trátase dun espectáculo itinerante no que oito murais de Carballo son os escenarios dunha obra realizada como podcast, unha publicación dixital en audio que podes escoitar desde o teu móbil a través da aplicación *Carballo a un paso*.

Unha experiencia teatral singular creada para a nosa cidade, coa que iniciamos **un novo proxecto: o FIOT Fónico.**

### SINOPSE

Cando a lúa é unha válvula de spray, a noite pode debuxar as escenas máis inesperadas. As accións da madrugada sucédense entón na stop-motion dos murais urbanos...e nada ten volta atrás. Nese carrusel vense envoltos Sara, María e Leo mentres celebran un rito durante o San Xoán. Coa intensidade dun accidente, o que sucede esa noite cambiará por sempre a vida dos tres mozos.

Á forza asimilan que nada vai volver ser igual: nin as súas relacións, nin a dirección do amor, nin os rallys ilegais, nin os murais de Carballo, nin a cordura coñecida, nin a realidade, nin eles mesmos.

### OBRA

*A lúa, válvula de spray* é unha ficción sonora na que a escenografía é unha selección da arte urbana que se atopa en Carballo. O FIOT implícase na experimentación escénica cunha iniciativa propia, realizada en coprodución co LIDISS (Laboratorio de Investigación en Innovación Social e Cultural Sostible), que conxuga as artes escénicas co espazo urbano e que explora novos formatos e as posibilidades que ofrecen as ferramentas tecnolóxicas, á vez que procura sinerxías con outras iniciativas socioculturais que teñen lugar en Carballo.



## AUTORA

Filóloga, escritora, poeta, narradora e performer, Rosalía Fernández Rial (1988) é unha das voces emerxentes máis prolíficas e singulares do momento. A súa obra caracterízase polo diálogo interdisciplinar. A autora carballesa desenvolve a súa vertente literaria na ficción (*Bonus Track*, 2018), no ensaio documental (*Aulas sen paredes*, 2016) e, moi especialmente, na poesía, campo no que ten publicados numerosos volumes, como *En clave de sol* (2009), *Ningún amante sabe conducir* (2014), *Contra-acción* (2016) ou *Árbores no deserto* (2020). A ficción sonora *A lúa, válvula de spray* é a súa primeira incursión nos textos teatrais.

Fernández Rial ten unha fonda relación coas artes escénicas. A expresión dramática e teatral é, para ela, unha ferramenta pedagóxica fundamental para o proceso de ensino e aprendizaxe.

## FICHA TÉCNICA E ARTÍSTICA

**Produción:** FIOT Carballo (A. C. Telón e Aparte) e LIDISS.

**Dirección formato e coordinación:** Alejandro Pan.

**Programación da app *Carballo a un paso*:**  
ITG Instituto Tecnolóxico de Galicia.

**Autora:** Rosalía Fernández Rial.

**Dirección teatral:** Quico Cadaval.

**Espazo sonoro:** Marcos PTT Carballido.

**Técnico de estudio e montaxe:** Iván Mera.

**Intérpretes:** Melania Cruz, Santi Romay e María Roja, coas voces de Marcos PTT Carballido e Rosalía Fernández Rial.

**Duración:** 60 minutos


**Recomendada a partir de 13 anos**


## APP





Podes levar *A lúa, válvula de spray* no teu peto. O proceso é sinxelo: só tes que descargar a aplicación gratuíta Carballo a un paso no teu móbil desde Google Play ou Apple Store. Unha vez que estea instalada, desde a app debes seleccionar, entre as opcións que che ofrece, a pestana “axenda” e a proposta *A lúa, válvula de spray*. Agora só tes que pulsar na túa pantalla, esperar a que se levante o pano (ou conectar o móbil) e comece a función!


## MURAIS (organizados seguindo as escenas da obra)


- 


1 *Conxuro contra o amo. Milu Correch*
- 


2 *O lixo de un homen é o tesouro do outro. Bordalo II*
- 


3 *Vergoña. Sekone*
- 

4 *Morriña. Hyuro*
- 

5 *Sen título. Pichiavo*
- 

6 *Sen título. Satr*
- 

7 *Fronte ao Océano. Milo*
- 

8 *Tribu urbana. Jorit*
- 

9 *O silencio no medio da tormenta. Isaac Mahow*



## FIOT Fónico

O Festival Internacional Outono de Teatro (FIOT) é unha iniciativa cultural que se celebra desde o ano 1991 e que converte a Carballo no corazón do teatro en Galicia. Organizado pola Asociación Cultural Telón e Aparte e o Concello de Carballo, sitúase como un referente cultural durante ao ofrecer un programa comprometido coas artes escénicas e cos proxectos de máis prestixio do teatro actual. O seu interese cultural e artístico foi recoñecido no 2018 co Premio da Cultura Galega no ámbito das artes escénicas pola súa excelencia no traballo e na proxección da cultural de Galicia.

O proxecto do FIOT Fónico é unha nova proposta do FIOT que conta co apoio da Concellería de Turismo e Promoción Económica do Concello de Carballo.



**CARBALLO: A UN PASO**  
COSTA DA MORTE